



**PLAN DE TRABAJO de MATEMÁTICAS.
2º PRIMARIA. CURSO 2024-2025.
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 2º NIVEL**

MATERIAIS:

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, lapis, goma, ceras, rotuladores, bolígrafos...
- Material de elaboración polo propio docente.
- Material de cálculo mental: Coco Loco, quinzet...
- Caderno de resolución de problemas DECA
- Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base 10, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos...
- Material manipulativo non convencional: tapóns, moedas, paos, follas...
- Material de medida convencional: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area...
- Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas...
- Material de debuxo: regras.
- Diñeiro: moedas e billetes.
- Material de elaboración polo propio docente.
- Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadoras, ordenadores, pantalla dixital, aula virtual...

PLAN DE TRABAJO:

Os contidos da área de Matemáticas organízanse nos seguintes procesos matemáticos:

- Bloque 1. Sentido numérico.
- Bloque 2. Sentido da medida.
- Bloque 3. Sentido espacial.
- Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional.
- Bloque 5. Sentido estocástico.
- Bloque 6. Sentido socioemocional.

A resolución de problemas (incluído no bloque 1) constitúe o eixo fundamental da aprendizaxe das matemáticas. Polo tanto, ha de ser prioritario fronte a outros



aspectos en canto a tempo, atención e incluso na avaliación da materia. Son moitas as capacidades que se requiren ata chegar á comunicación do resultado dun problema: ler, comprender, reflexionar, planificar o proceso de resolución, establecer estratexias e procedementos e revisalos, e comprobar a solución.

A secuenciación dos contidos nas sesións desenvolverase do seguinte xeito:

1º Para empezar: a parte inicial da sesión basearase no cálculo mental exercitando habilidades matemáticas coa práctica dun xeito ameno do Coco Loco.

2º Desenvolvemento: é o groso da materia. Presentaranse os contidos programados para cada sesión dunha forma práctica, dándolle especial relevancia á manipulación e experimentación, para logo plasmar os resultados no seu caderno. Isto facilitaralles a comprensión e a adquisición de actitudes de reflexión e razoamento.

3º Consolidación: reflexionamos sobre como podemos aplicar o aprendido á nosa vida diaria. Esta parte terá carácter de avaliación para comprobar o afianzamentos dos novos contidos, apoiándonos en traballos realizados no caderno, actividades variadas, probas obxectivas, e o xogo como peza fundamental.

Completaremos a nosa aprendizaxe con talleres ou estacións matemáticos e, unha vez á semana, dedicarémola a traballar co caderno DECA.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> Números ata o 399 (ler, escribir, descompoñer, ordenar e representar) Números pares e impares. Números ordinais. Sumas con e sen 	<ul style="list-style-type: none"> Números ata o 699 (ler, escribir, descompoñer, ordenar e representar) Sumas con e sen levadas. Resta con e sen levadas. Iniciación á multiplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Números ata o 999 (ler, escribir, descompoñer, ordenar e representar) Suma con e sen levadas. Resta con e sen levadas.




<p>levadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Restas con e sen levadas. • Cálculo mental. • Sistema monetario (billetes e moedas) • Resolución de problemas de 1 operación (suma ou resta) 	<ul style="list-style-type: none"> • Cálculo mental. • Tempo. • Lonxitude. • Capacidade. • Masa. • Resolución de problemas de 1 operación (suma, resta, multiplicación) 	<ul style="list-style-type: none"> • Multiplicación (2, 3, 4, 5 e 10). • Cálculo mental. • Xeometría • Tratamento da información • Resolución de problemas de suma ou resta (1 ou 2 operacións) e de multiplicación (1 operación).
CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		
<p>Estratexias de cálculo mental de sumas, restas e multiplicacións.</p> <p>Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo.</p>		

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

Ao final de curso, o alumando deberá ter adquiridos os seguintes mínimos de consecución para a superación da materia.

- Ler, escribir, representar, descompoñer e ordenar números ata o 999.
- Resolver operacións de cálculo mental de suma, resta e multiplicación.
- Resolver operacións matemáticas de suma, resta e multiplicación.
- Resolver problemas matemáticos de suma e resta (1 e 2 operacións), e de multiplicación (1 operación).
- Realizar as tarefas con autonomía.





XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE DE
TARRÍO

As Daxariñas, nº 72
15189 Tarrío - Culleredo (A Coruña)
Teléfono: 981 67 76 57
Fax: 981 64 89 15

Correo electrónico: ceip.tarrío@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdetarrío>

